

Uso de Máquinas Virtuais

- Como xa se indicou en [Coñecementos previos](#) vaise traballar con VirtualBox:
 - ◆ Instalaremos Máquinas Base (ou maqueta ou plantilla) coas configuracións mínimas e comúns a tódolos escenarios e logo **Exportaremos os servizos virtualizados** para ter unha copia das MVs base, polo que poida pasar no futuro.
 - ◆ Tamén traballaremos con instantáneas para realizar unha serie de pasos e logo volver cara atrás cando sexa preciso.

- Usaremos a nova configuración de rede de VirtualBox: **Rede NAT** que fai que o equipo Host se converta nun router con NAT entre as MVs e a LAN. Un router como o que se instala nas casas.
 - ◆ Isto permitiranos ter tódalas MVs de cada usuario coa mesma configuración IP.
 - ◆ Ao mesmo tempo tódalas MVs dun usuario terán conexión entre si e co exterior.
 - ◆ Para conectarse dende o exterior ás MVs hai que facelo abrindo portos na configuración de **Rede NAT**, por defecto, non hai conexión do exterior ás MVs, ao igual que na configuración de rede **NAT** pura.

-- [Antonio de Andrés Lema](#) e [Carlos Carrión Álvarez](#) -- (Abril 2014- Rev Abr 2015).